

Proxecto de Regulamento da Escola de Enxeñaría Forestal

Titulo I: Do goberno da Escola.

Capítulo I: Da Xunta da Escola.

Capítulo II: Da Comisión Permanente.

Capítulo III: Dos organos de goberno e administración unipersoais.

Capítulo IV: Das outras comisións.

Título II: Do estudo, a docencia e a investigación.

Título III: Do proxecto fin de carreira.

Titulo IV: Da reforma do regulamento.

Disposición complementaria.

Disposicións adicionais.

Disposición final.



Título I: Do goberno da Escola

Capítulo I: Da Xunta da Escola

Art.1.

A Xunta de Escola é o órgano Colexiado de goberno do Centro e, como tal aproba as liñas xerais de actuación e supervisa o labor dos órganos de dirección e xestión.

Art.2.

A Xunta de Centro é o órgano Colexiado de representación, decisión e control do Centro. Está composta polo Director, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros:

- a) Tódolos profesores, sexa cal sexa a súa dedicación. Os profesores que dispensen docencia en mais dun centro serán membros da Xunta de centro no que teñan mais horas de docencia, tendo que optar por un deles os que teñan unha mesma carga docente en varios centros.
- b) Tódolos os axudantes. No caso de que un axudante dispense docencia en mais dun centro, aplicarase o apartado a).
- c) Tódolos os bolseiros que figuren no Plano de Organización Docente.
- d) Unha representación dos estudantes igual ó 30% da composición total da Xunta de Centro, dos que unha sexta parte serán estudantes do terceiro ciclo.
- e) Unha representación do persoal de Administración e servizos igual ó 10% da composición total da Xunta de Centro.
- f) Os subdirectores e o secretario.

Art.3.

- a) Os representantes eleixidos polo sector PAS, serano por un período de dous anos e polo sector alumnos serano por un ano.
- b) Se algún representante de alumnos causase baixa por finalizar a súa carreira durante o período de representación, o seu substituto será o seguinte da súa lista se a houberse, no caso de non ser así, ocuparía a súa praza o que obtivese mais votos nas eleccións correspondentes.

Art.4.

Das competencias da Xunta de Escola.

A Xunta de Escola é o órgano de goberno ordinario do centro.

Son funcións da Xunta de Escola:

- a) Elexi-lo director.
- b) Aproba-lo regulamento de réxime interno.



- c) Aproba-la xestión do director ou, de se-lo caso, apartalo do cargo mediante moción de censura que deberá conseguir maioría absoluta dos presentes.
- d) Formula-las necesidades económicas, elaborar e aproba-la distribución da asignación orzamentaria do centro.
- e) Establece-los obxectivos educativos das titulacións ó seu cargo e propo-los correspondentes planos de estudos e elaborar e aproba-las propostas dos correspondentes planos de estudos.
- f) Formula-los pedimentos de persoal necesario para levar a cabo a administración e os servizos do centro.
- g) Realizar anualmente o encargo de docencia ós departamentos.
- h) Resolve-los conflitos que se poidan producir no seu centro.
- i) Organiza-los servizos do centro.
- j) E promover ou ordena-la realización de proxectos fin de carreira e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para a obtención de títulos.
- k) Elaborar unha memoria anual sobre as actividades do centro.
- l) Propor e aplica-las normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- m) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servizos e ensinanzas complementarias, así como habilitar medidas de control do cumprimento das distintas obrigas docentes.
- n) Coordinarse con outros centros cara a elaboración por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu currículo.
- o) Aprobar anualmente os programas de cada materia presentados polos departamentos respectivos.
- p) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os presentes estatutos e non atribuídas expresamente ó Director.

Art.5.

A Xunta de Escola reunirse con carácter ordinario, polo menos unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario, por iniciativa do director, por acordo da Comisión Permanente ou por pedimento dun 30% dos membros da Xunta da Escola, debendo realizarse nestes dous últimos casos dentro do prazo de 15 días hábiles seguintes á presentación da solicitude. Tamén poderá reunirse, con carácter extraordinario e urxente, por iniciativa dos mesmos.



Art.6.

1.- A convocatoria dos órganos colexiados corresponderá ó Presidente e deberá ser acordada e notificada cunha antelación mínima de 72 horas, agás nos casos de urxencia que serán suficientes 24 horas, coa convocatoria achegarase a orde do día, data, hora e lugar de reunión.

2.- A orde do día será fixada polo Presidente, tendo en conta, cando cumpra, os pedimentos dos demais membros, formulados coa suficiente antelación.

3.- Non obstante, quedará válidamente constituído un órgano colexiado, aínda no caso de que non se cumprisen os requisitos da convocatoria, cando estean reunidos tódolos seus membros e así o acorden por unanimidade.

Art.7.

A Xunta de Escola constituirase en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois, cando asistan, alomenos a terceira parte dos seus membros. De non se constituir o quórum sinalado en segunda convocatoria, haberá que proceder a unha nova convocatoria con posterioridade.

Art.8.

Poderán seren invitados á Xunta de Escola, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos mesmos.

En todo caso as sesións da Xunta de Escola estarán abertas ós membros da comunidade universitaria no seu ámbito.

Art.9.

O Director é o Presidente da Xunta que dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates.

Art.10.

1.- Os acordos da Xunta de Escola poden ser por asentimento ou por votación. As votacións serán públicas a man alzada ou secretas. Serán secretas cando se trate de avaliación de persoas concretas, ou se o solicita algún membro da Xunta. Non se admitirá delegación de voto, voto anticipado nin voto por correo.

2.- Os acordos tomaranse conforme á proposta que obteña a maioría dos votos presentes, agás o disposto expresamente neste regulamento para determinados asuntos. Cando o número das propostas sexa de tres ou mais, e despois da primeira votación non se consiga dita maioría, efectuarase unha segunda sobre as dúas propostas mais votadas. No caso de empate o Director decidirá co seu voto de calidade.

3.- Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, ~~bando~~ bando que estean presentes todo-os membros do órgano e sexa ~~declarado de~~ declarado de urxencia o asunto polo voto favorable da maioría.



Art.11.

De cada sesión o secretario levantará acta, que conterá a indicación das persoas que interviñeron, orde do día, así como as circunstancias de lugar e de tempo no que se celebrou, os puntos principais de deliberación, a forma e resultado da votación e contido do acordo, así como cantas circunstancias se consideren no art.27 da lei de Procedemento Administrativo común, lei 30/92 de 26 de novembro.

Art.12.

Os acordos da Xunta de Escola serán susceptibles de recurso nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade.

Capítulo II: Da Comisión Permanente

Art.13.

A Comisión Permanente é un órgano de representación da Xunta de Escola. Esta Comisión resolverá os asuntos que expresamente lle transfira a Xunta de Escola, a quen dará conta das súas actuacións. Asimismo, velará polo cumprimento das decisións da Xunta de Escola.

Art.14.

A Comisión Permanente estará formada por dez membros.

Serán membros natos: o Director, que a presidirá e convocará, un subdirector e o secretario, que o será tamén da propia Comisión Permanente. Os membros elixibles pertencerán ós distintos sectores representados na Xunta de Escola e serán:

- a) Tres profesores: un profesor a tempo completo, un profesor a tempo parcial e un axudante.
- b) Tres alumnos.
- c) Un PAS.


Art.15.

Os membros da Comisión Permanente teñen que selo da Xunta de Escola. A votación para a designación dos membros elixibles da Comisión Permanente realizarase por sectores, unha vez efectuada a elección dos representantes dos alumnos na Xunta de Escola. Os diversos sectores só poderán votar o 70% dos membros do seu sector que integra a Comisión Permanente. Resultarán elixidos aqueles que obteñan maior número de votos e no caso de empate será elixido o candidato de maior antigüidade en canto á súa pretensa na Xunta de Escola, e se son de igual antigüidade na Xunta de Escola, será elixido o candidato de maior idade.

Art.16.

Os membros da Comisión Permanente serán renovados anualmente.

Calquera baixa dos membros elixidos será cuberta polo que obtivera mais votos nas eleccións correspondentes sen chegar a ser elixido.



Art.17.

Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Adoptar acordos sobre asuntos que lle foron delegados pola Xunta de Escola.
- b) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- c) Asesorar ó equipo directivo.
- d) Coñecer e informar de cantas cuestións lles propoña o Director no exercicio das súas funcións.
- e) Efectuar propostas para incluír puntos na orde do día da Xunta de Escola.
- f) Coñecer e informar sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Escola.

Art.18.

A Comisión Permanente reunirse unha vez cada tres meses como mínimo. Así mesmo poderá reunirse de forma extraordinaria cando o considere de interese o Director ou así o soliciten, alomenos, tres dos seus membros, realizándose neste último caso dentro dos seis días hábiles seguintes á presentación de solicitude. Ademais poderá convocarse con carácter extraordinario e urxente celebrándose a reunión en 24 horas por pedimento do Director ou cando o solicite a metade dos membros da Comisión.

Art.19.

Os acordos da Comisión Permanente tomaráanse por maioría simple e, no caso de empate, o Director pode utilizar o voto de calidade. A Xunta de Escola pode delegar algunha competencia na Comisión Permanente con expresa mención da maioría necesaria para a validez dos acordos que esta tome.

Art.20.

A orde do día será confeccionada polo Presidente, tendo en conta os pedimentos dos demais membros, formulados coa suficiente antelación. Non obstante, será obligatoria a inclusión na orde do día dos puntos que sexen propostos, o menos, por tres membros da Comisión.

Art.21.

A convocatoria realizarase normalmente con 48 horas de antelación, prazo que será de 24 horas no caso de reunións extraordinarias e urxentes, incluíndo a orde do día e toda aquela documentación que poida ser utilizada no transcurso da sesión.

Art.22.

Para a celebración das sesións da Comisión Permanente precisarase en primeira convocatoria, a presenza de seis dos seus membros e, en segunda



convocatoria, trinta minutos despois, un mínimo de catro membros. En canto á elaboración, redacción e aprobación das actas, atenderase o que se di no art.11 para as sesións da Xunta da Escola.

Art.23.

Cando circunstancias especiais o requiran e por aceptación maioritaria dos membros da Comisión Permanente, poderán asistir ás sesións da Comisión persoas alleas á mesma con voz, pero sen voto.

Capítulo III: Dos organos de goberno e administración unipersoais

Art.24.

Son órganos de goberno e administración unipersoais:

- a) O Director.
- b) Os Subdirectores.
- c) O Secretario.

que conforman o equipo directivo da Escola.

Art.25.

1º O Director representa ó Centro, exerce a dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes.

2º O Director será elixido pola Xunta de Centro e nomeado polo Rector, entre os Catedráticos ou Profesores Titulares Numerarios a tempo completo, por un periodo de tres anos, e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.

3º O Director do centro, asistido polo seu equipo de goberno é o responsable da dirección e xestión do centro, e ten as seguintes funcións:

- a) Exerce-la representación do Centro.
- b) Convoca-la Xunta de Centro.
- c) Executa-los acordos da Xunta de Centro.
- d) Supervisa-lo funcionamento dos servicios do Centro.
- e) Dirixi-la xestión ordinaria de Centro.
- f) Propoñer, oída a Xunta de centro, a iniciación de expediente disciplinario a calquera membro do Centro. No caso dun profesor a proposta dirixirase ó Departamento correspondente.
- g) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de tutorías.



h) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.

Art.26.

O Director cesará nas súas funcións ó termina-lo mandato, por pedimento propio, como consecuencia de baixa por enfermidade por mais de seis meses ou por razón dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Escola. Para poder ser tramitada esta, deberá ser asinada por un tercio dos membros da Xunta de Escola.

O Director ou a persoa que exerza as súas funcións, terá que convocar unha Xunta extraordinaria con ese único punto na orde do día no prazo máximo de 15 días hábiles a partir da data de presentación da moción de censura. Para a súa tramitación presentarse no Rexistro da Escola avalada polas sinaturas requeridas.

Art.27.

Na sesión desa Xunta de Escola extraordinaria, tanto os portavoces da moción de censura como o equipo directivo disporán dun prazo máximo global de 30 minutos para expor cada unha das posicións. A continuación abrirase unha rolda de intervencións cun máximo global de 60 minutos para todas elas, terminada esta procederase á votación da moción de censura.

Este período poderá ser ampliado se a maioría absoluta dos asistentes o considerase oportuno.

Art.28.

De ser aprobada a moción por maioría absoluta de tódolos membros da Xunta de Escola, o antigo director en funcións, procederá no prazo de seis días hábiles, a solicitar do Rector a convocatoria de novas eleccións para Director de centro.

Art.29.

Se a moción de censura non conseguira os votos necesarios, ningún dos asinantes da mesma poderá subscribir outra durante o mesmo curso académico.

Art.30.

O Director poderá someterse a mocións de confianza cando o estime oportuno e no transcurso de calquera Xunta de Escola, aínda que non figure expresamente como punto a tratar na orde do día.

Art.31.

1.- Os subdirectores actuarán coas competencia e funcións que lle asigne o Director.

2.- O Director designará de entre tódolos membros do centro os Subdirectores, que serán nomeados polo Rector.



3.- O Director designará de entre tódolos membros do centro o Secretario, que será nomeado polo Rector.

Capítulo IV: Das outras comisións

Art.32.

Co fin de colaborar no desenvolvemento das distintas funcións que ten asignadas a E.E.F., deberán crearse con carácter estable as seguintes comisións:

- a) Comisión de Asuntos Económicos.
- b) Comisión de Asuntos Académicos.
- c) Comisión de Actividades Culturais e Profesionais.
- d) Comisión de Garantías Profesionais e Estudiantís.
- e) Comisión de Biblioteca.

Art.33.

Ademais das mencionadas no artigo anterior, a Xunta de Escola poderá acordala creación doutras comisións de carácter estable, así como comisións con carácter temporal.

Art.34.

Os componentes das diversas comisións serán elixidos pola Xunta de Escola de entre os membros de cada sector en cada curso académico.

Art.35.

Perderá a condición de membro pola inasistencia sen causa justificada a tres sesións seguidas ou a cinco alternas. Perderase ademais a condición de membro pola finalización legal do mandato, por pedimento propio e por perda das condicións necesarias para ser elixido.

Art.36.

Os acordos das comisións tomaranse por maioría absoluta dos seus membros. Poderán seren invitados con voz pero sen voto as persoas que a maioría dos membros da comisión estimen oportunas.

Art.37.

En relación coas convocatorias e actas das comisións observaranse os mesmos requisitos ca no caso da Comisión Permanente. As comisións elixirán entre os seus membros os correspondentes secretarios.

Art.38.

Comisión de Asuntos Económicos

1. Estará constituída por:



- a) O Director.
- b) Dous profesores.
- c) Un alumno.
- d) Un PAS.

Ademais asistirá o responsable de asuntos económicos con voz pero sen voto.

2. Serán funcións desta comisión:

- a) Estudia-la distribución do presuposto anual do centro e as súas posibles modificacións ó longo do ano económico, e eleva-las propostas correspondentes á Xunta de Escola a través da Comisión Permanente.
- b) Informa-las distintas solicitudes de compras ou outros gastos que se presenten, de acordo cos criterios establecidos no orzamento anual.
- c) Realizar anualmente un informe económico interno sobre a utilización do orzamento da Escola.
- d) Informa-las diferentes posibilidades de obtención de recursos e fontes de financiamento.
- e) Elaborar propostas para o funcionamento dos diferentes servicios: reprografía, teléfono, etc.
- f) Calquera outra función relacionada con asuntos económicos que lle asigne a Xunta de Escola.

3. Esta Comisión reunirse polo menos unha vez por trimestre. Será convocada polo Presidente por decisión propia ou por proposta de, alomenos, dous dos seus membros.

Art.39.

Comisión de Asuntos Académicos

1. Estará constituída por:

- a) O Director ou persoa na que delegue, que a presidirá.
- b) Tres profesores (un deles será a tempo parcial).
- c) Dous alumnos.

2. Serán funcións desta comisión:

- a) Estudia-las distintas solicitudes de avaliación de estudos nacionais e estranxeiros segundo a "Normativa de Validacións" da Universidade de Vigo.



Para redactar esta, a Comisión solicitará informe dos profesores que dispensen disciplinas das que se solicita validación.

A Comisión disporá os medios para que os profesores que dean emiti-los informes poidan consultar antecedentes, lexislación, etc.

b) Facer propostas sobre a coordinación das ensinanzas a dispensar no centro. Colaborar na elaboración dos horarios, uso das aulas e laboratorios, etc.

c) Asisti-la Dirección para establece-las datas dos exames dentro do prazos fixados pola Universidade, por proposta dos delegados dos alumnos e dos profesores afectados.

d) Realizar tódalas funcións que lle son asignadas no Título de "Proxecto Fin de Carreira", así como fixa-las datas das convocatorias correspondentes.

e) Elabora-los correspondentes informes de Regulamento para a avaliación de capacidade docente do profesorado segundo a normativa vixente.

f) Elabora-la memoria anual.

g) Elaborar e desenvolve-lo procedemento para a revisión de cualificacións.

h) Elaborar regulamentos para o funcionamento da aula de informática, aula de medios audiovisuais, e laboratorios.

i) Calquera outra función que, relacionada coa docencia, lle asigne a Xunta de Escola.

3. Esta comisión reunirse polo menos unha vez por trimestre. Será convocada polo Presidente por decisión propia a proposta de alomenos dous dos seus membros.

Art.40.

Comisión de Actividades Culturais e Profesionais

1. Dadas as especiais características do Centro, que ten como misión principal formar técnicos para desenvolver actividades forestais ou agroforestais, considérase imprescindible conseguir unha efectiva vinculación de profesores e alumnos coa mesma. Con tal fin constitúese esta comisión que está formada por:


a) O Director ou persoa na que delegue, que a presidirá.

b) Tres profesores.

c) Dous alumnos.

d) Un membro do PAS.

2. As funcións desta Comisión serán as de asesora-la Dirección na :



a) Promoción e organización de cursos de actualización e especialización profesional, actividades culturais e recreativas, que poderán ter lugar en colaboración con outras entidades, establecendo os aspectos económicos de acordo cos Estatutos da Universidade. En todo caso deberán establecerse tarifas reducidas para alumnos e persoal da Escola.

b) A xestión para realizar polos alumnos de prácticas en actividades forestais ou agroforestais, así como a difusión das ofertas que poidan chegar ó Centro, entre os alumnos que finalizaron ou estén a punto de finaliza-los estudos.

c) O logro das fontes de financiamento de proxectos e, en particular, doazóns de equipos e material científico e técnico por parte de organismos e institucións privadas.

d) A promoción da realización de traballos científicos ou técnicos por parte do profesorado do centro para entidades públicas ou privadas propoñendo cando cumpra a formación de equipos interdisciplinares cando a natureza do traballo requira a intervención de profesores adscritos a distintos Departamentos, xestionando a dispoñibilidade de equipos e medios necesarios, todo iso dentro do marco dos Estatutos da Universidade.

3. Esta comisión reunirse, alomenos, unha vez por trimestre e cantas veces sexa necesario por decisión do seu Presidente ou por pedimento de, alomenos, dous dos seus membros.

Art.41.

Comisión de Biblioteca

1. Estará constituída por:

a) O Director ou persoa na que delegue, que a presidirá.

b) O encargado da biblioteca do Centro.

c) Un profesor representante de cada área de coñecemento.

d) Unha representación dos alumnos igual ó 30% total dos membros da comisión.

e) Un representante das institucións que contribúan economicamente, de forma asídua, ó sostemento da biblioteca. En todo caso estes membros terán voz pero sen voto.

2. Serán funcións desta comisión:

a) As mesmas que ten encomendadas a Comisión de Biblioteca da Universidade (art.11 do seu regulamento) no ámbito da súa competencia específica.



b) Supervisar e coordinar a adquisición das obras propostas polos usuarios das bibliotecas.

3. Esta comisión reunirse, alomenos, unha vez por trimestre e cantas veces sexan necesarias por decisión da súa presidencia ou por pedimento de, alomenos, un tercio dos seus membros.

Art.42.

Comisión de Garantías Profesionais e Estudiantís

1. Estará constituída por:

a) O Director ou persoa na que delegue.

b) Tres profesores.

c) Dous alumnos.

d) Un PAS.

Art. 43.

As funcións desta comisión serán:

a) Velar polo estricto cumprimento do art. 231 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

b) Controla-lo seguimento das actividades profesionais dos alumnos, establecidas neste regulamento.

Título II: Do estudio, a docencia e a investigación

Art.44.

Para todo o referente a este título é de aplicación o indicado na normativa vixente dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Art.45.

De entre os servicios de apoio á docencia e á investigación propios da Escola, o funcionamento da aula de informática, da aula de medios audiovisuais, e laboratorios rexeranse polos regulamentos elaborados pola Comisión de Asuntos Académicos.

Título III: Do proxecto fin de carreira

Art.46.

O título de Enxeñeiro Técnico en Industrias Forestais obterase mediante a realización dun proxecto de fin de carreira que consistirá nun traballo de síntese ou monográfico que supoña a aplicación dos coñecementos adquiridos na carreira.

Art.47.

O Proxecto Fin de Carreira (PFC) poderá ser de tres tipos:



a) Proxecto clásico de enxeñería, consistente na elaboración de documentos que permitan a fabricación dun equipo ou serie deles de utilización ou aplicación forestal ou agroforestal, ou execución dunha instalación obra ou industria forestal ou agroforestal.

Proxecto clásico de conservación, xestión e restauración dos nosos montes, cultivos silvopastorais, así como proxectos de aproveitamento, elaboración e transformación de tódolos produtos forestais.

Proxecto clásico de enxeñería do medio ambiente, enxeñería civil, conservación da natureza, arquitectura da paisaxe, impacto ambiental ou aproveitamento e utilización racional do monte en todo o seu amplo sentido, tanto como medio físico como medio biolóxico.

b) Desenvolvemento dunha idea ou prototipo de Laboratorio, que constitúa unha contribución ás técnicas forestais, tanto industriais como de explotación e conservación.

c) Desenvolvemento, elaboración e redacción dun proxecto de investigación orixinal que supoña unha contribución ó incremento do coñecemento científico e/ou desenvolvemento tecnolóxico no campo das ciencias forestais e agroforestais.

Art.48.

Durante o primeiro trimestre de cada curso académico, os profesores da Escola entregarán na secretaría do Centro as diversas liñas de traballo que ofrecen, co fin de que se lles poida da-la adecuada difusión entre o alumnado.

Poderá ser Profesor-Diretor do Proxecto fin de carreira calquera profesor da Escola. No caso de que a entidade do proxecto aconsellase o asesoramento dun profesional que non dispense docencia no Centro, este podería figurar como director previo acordo favorable da Xunta de Escola. En ningún caso esta codirección levará anexa calquera tipo de relación contractual coa Universidade, segundo a Normativa legal en vigor.

Con independencia do anterior, o alumno poderá propor en calquera momento do curso académico unha determinada liña de traballo, que podería ser aceptada por algún profesor do centro.

De todas formas, os alumnos que desexen realiza-lo PFC poñerano en coñecemento do profesor responsable para a súa aceptación.

Art.49.

Unha vez realizada a aceptación á que se refire o último parágrafo do artigo anterior, o alumno, co v. e pr. Do Director do PFC presentará no Rexistro Xeral da Escola, un esquema do traballo do PFC.

No devandito esquema recolleranse os seguintes extremos:

a) Título provisional do PFC.



- b) Nome do alumno.
- c) Nome do Director, e, de se-lo caso, do codirector do PFC.
- d) Obxetivos xerais do proxecto e medios que se pretenden empreñar.

Para a presentación deste esquema, o alumno deberá estar matriculado en toda-las materias que lle falten para terminar a carreira.

O Centro ou os seus profesores poderán organizar cursos e seminarios de orientación e os complementos necesarios para a realización dos traballos propios do PFC.

Unha vez transcurrido o curso académico no que se presentase o esquema de traballo, o alumno poderá cambiar ou continuar no mesmo PFC, previa comunicación ó Profesor-Director.

Art.50.

Unha vez aprobadas a totalidade das materias, o alumno, co v. e pr. Do director do PFC, deberá solicitar ó Director do Centro a asignación definitiva do Proxecto. Na solicitude poderá indicar a convocatoria na que desexa realiza-lo exame.

Fíxanse tres convocatorias que se realizarán nas segundas quincenas dos meses de outubro, xaneiro e xullo.

Cando as circunstancias o xustifiquen, a Comisión académica, previo pedimento do interesado, poderá autorizar a realización dunha convocatoria excepcional fixando a data da devandita convocatoria.

O alumno que na solicitude de asignación definitiva non fixase a convocatoria de exame, deberá facelo por medio dunha nova solicitude ó Director da Escola. En ambos casos a solicitude deberá ser presentada antes do quinto día hábil do mes correspondente á convocatoria.

Art.51.

Cada proxecto será xulgado por unha Comisión Cualificadora que estará formada por:

- a) O Director do Centro ou profesor no que delegue que a presidirá e a convocará.
- b) O profesor da materia de proxectos.
- c) Tres profesores do Centro, que dispensen docencia na especialidade correspondente ó Título para o que se presenta o proxecto, un deles actuará como secretario.

O Director da Escola nomeará a Comisión Cualificadora especificando a data de constitución da mesma.



Os tres profesores do apartado c) deberán ser designados pola Comisión Académica dunha lista de cinco proposta polo director do PFC.

A Comisión Académica poderá solicita-las modificacións da lista que considere oportunas.

Art.52.

Constituída a Comisión Cualificadora, esta fixará o calendario de actuación que deberá prever cando menos a data de entrega de proxectos, así como lugar, día e hora do exame. Para realiza-la devandita entrega, o alumno depositará no Rexistro Xeral da Escola o original e unha copia do PFC, podendo recollelo original en dita dependencia unha vez finalizada a actuación da Comisión Cualificadora. Se o original do alumno non fose recollido polo interesado no prazo dun mes, entenderase que renuncia a tal dereito, pasando a ser propiedade do centro.

O exame do PFC realizarase en sesión pública e consistirá na defensa do PFC por parte do alumno durante un tempo máximo de 30 minutos, ó final do mesmo a Comisión poderá formular cantas preguntas e cuestións estime convenientes sobre o tema.

Finalizado o exame e previa deliberación da Comisión procederase á cualificación do PFC, que se notificará inmediatamente despois en sesión pública.

A cualificación será de 1 a 10 puntos, facendo media das notas sempre que a variación non resulte superior a dous puntos respecto da media orixinal.

Art.53.

Os PFC axustaranse ás normas para a confección e presentación de Proxectos, elaborados ó respecto polos profesores do Centro que dispensan materias de Proxectos.

Os traballos que sexan considerados de grande calidade e utilidade, poderán seren promocionados polo Centro, mediante a súa publicación, remisión a Colexios Profesionais, dotación de premios, colaboración coa industria, bolsas de ampliación, etc.

Os traballos que se presenten para a súa publicación ó Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade, deberán contar co acordo favorable da Xunta de Centro, amparando os dereitos de autor.

Título IV: Da reforma do regulamento

Art.54.

A iniciativa para a reforma de calquera artigo do presente regulamento poderá ser tomada polo Director da Escola ou mediante proposta asignada por un tercio dos membros da Xunta de Escola.



Art.55.

As propostas para a reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración na Xunta da Escola. Se a proposta recibise os votos favorables do 30% dos membros da Xunta, abrirase un prazo para presentación de enmendas e para a súa análise nunha Comisión designada a tal efecto pola Xunta de Escola e coa mesma representación que teñan os diversos sectores nela.

Art.56.

Para ser aprobado pola Xunta de Escola o texto definitivo saído da Comisión designada ó efecto, será preciso o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros. De non ser aprobada a proposta, non poderá propoñerse idéntica reforma ata que transcurra o prazo dun ano.

Disposición complementaria

Primeira

Ademais das reunións dos órganos colexiados de goberno da Escola, os diversos sectores poderán realizar aquelas reunións que estimen pertinentes para tratar asuntos específicos. Representantes destes sectores deberán solicitar á Dirección do Centro, con alomenos 48 horas de antelación, local para a reunión indicando o día e maila hora. En todo caso, procurarase que as devanditas reunións non interfiran nas actividades normais do Centro.

Disposicións adicionais

Primeira

O presente regulamento debe ser interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo, e das normas legais e regulamentarias sobre o ensino universitario.

Segunda

A normativa estatal básica sobre procedemento administrativo común, será supletoria en tódolos aspectos non regulados polos Estatutos da Universidade, polas súas normas de desenvolvemento e polo presente Regulamento de Réxime Interno da Escola.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario da Universidade de Vigo.

